

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

Orde do 5 maio de 2008 pola que se ditan instrucións para a elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009.

Os orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009 deben continuar impulsando o proceso de cambio no sistema de planificación, programación e elaboración de orzamentos, iniciado nesta lexislatura, para o establecemento dun sistema de orzamento por resultados, no cal os gastos estean vinculados ao logro duns obxectivos específicos, facendo efectivos os principios de transparencia, eficacia e eficiencia na asignación dos recursos, que debe ser unha constante na acción de goberno.

Coa finalidade mencionada, os orzamentos para o próximo ano deben reflectir o esforzo en planificación realizado polos distintos centros xestores para establecer os seus obxectivos no marco das prioridades e os obxectivos estratéxicos de carácter xeral. Ao mesmo tempo, deben servir para conectar os devanditos obxectivos e as accións previstas para acadalos cos programas orzamentarios, coa finalidade de que esta se converta nunha eficaz ferramenta de análise e xestión orzamentaria. Neste sentido, e tomando en consideración o traballo realizado en anos anteriores, especialmente coa integración dos plans sectoriais e de carácter transversal, todas as unidades a que se refire o anexo IV desta orde deberán revisar ou definir, no seu caso, os obxectivos estratéxicos e operativos, que pasarán a quedar integrados nos programas orzamentarios correspondentes.

Ao explicitar os obxectivos que se pretenden alcanzar xunto coas dotacións necesarias en cada caso, séntanse as bases para un novo sistema de asignación dos recursos, ao tempo que se facilitan os elementos necesarios para poder realizar unha axeitada avaliación do resultado dos diferentes plans e programas e, en definitiva, das políticas públicas do Goberno da Xunta de Galicia. Con iso prodúcese un importante avance cualitativo para pasar, dun modelo de xestión orzamentaria tradicional centrado nos medios utilizados, a outro centrado nos obxectivos e resultados.

Do mesmo modo, para o exercicio próximo, avanzárase na consideración global dos orzamentos, mediante a extensión do ámbito institucional destes, abranguendo entes e organismos que teñen a consideración de Administración autonómica, segundo a metodoloxía aplicada polo sistema europeo de contas (SEC-95).

Os próximos orzamentos inscribíranse nun contexto de menor crecemento da economía mundial, que afectará tamén a economía española e a da nosa comunidade. Estes cambios nos factores de crecemento económico, xunto coa normativa sobre estabilidade orzamentaria, obrigan a formular un escenario de contención dos gastos correntes e de optimi-

zación dos proxectos e investimentos que teñan un maior impacto na produtividade e crecemento da nosa economía.

O novo orzamento debe continuar o esforzo xa iniciado de potenciar as infraestruturas que incrementen a dotación de capital físico, desenvolver as políticas sociais e educativas que melloren o capital humano e fomentar a mellora da produtividade e competitividade da nosa economía a través do reforzo do capital tecnolóxico. E debe tamén continuar o esforzo por ofrecerlles uns servizos públicos de calidade a todos os cidadáns.

Polo exposto e conforme as competencias que lle corresponden á Consellería de Economía e Facenda, en virtude do establecido no artigo 7 c) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, apróbanse as seguintes instrucións para a elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2009.

Artigo 1º.-Criterios xerais de elaboración nos orzamentos.

Os orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2009 enmárcanse nun contexto económico que exige incrementar os esforzos a favor do rigor, a estabilidade orzamentaria e o logro máis eficaz e eficiente dos obxectivos e prioridades establecidos polo Goberno para esta lexislatura. Neste sentido, os orzamentos responderán aos principios de austeridade e contención do gasto corrente, avanzarán no desenvolvemento da metodoloxía dirixida á elaboración, integración e seguimento dos plans e orzamentos orientados ao logro de resultados. Prestarán especial atención a unha formulación rigorosa da información correspondente aos programas orzamentarios e impulsarán as accións necesarias para facer máis visible a perspectiva de xénero, tanto na fase de elaboración orzamentaria coma na de seguimento e avaliación.

A elaboración dos orzamentos realizarase sobre a base de priorizar os plans, programas e actuacións conforme os seguintes criterios:

- a) Potenciar o desenvolvemento de políticas sociais, especialmente no ámbito da educación, sanidade e atención ás persoas dependentes.
- b) Impulsar medidas tendentes á promoción da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, así como á mellora da conciliación entre a vida profesional e a vida persoal.
- c) Reforzar as políticas que melloren as infraestruturas produtivas.
- d) Fomentar políticas de gasto que supoñan unha contribución máis relevante na mellora da produtividade e competitividade da nosa economía.
- e) Potenciar os investimentos en investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i) e na sociedade da información e do coñecemento.

f) Impulsar as políticas que melloren a protección do ambiente así como aquelas que faciliten un desenvolvemento territorial equilibrado.

g) Aumentar o grao de eficacia e eficiencia do gasto público.

Artigo 2º.-Ámbito de aplicación.

Un.-As disposicións contidas nesta orde serán de aplicación á elaboración do anteproxecto de orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2009, no cal se integran os correspondentes a:

a) A Administración xeral da comunidade autónoma e os seus organismos autónomos.

b) As sociedades públicas de carácter mercantil.

c) Os demais entes do sector público aos que se refire o artigo 12.1º b) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Dous.-En todo caso, os orzamentos de 2009 incluírán os de todas as entidades que estean clasificadas como administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia de acordo coas normas do SEC-95, salvo as universidades públicas.

Artigo 3º.-Estrutura orzamentaria.

Un.-O orzamento de ingresos elaborárase de acordo coa clasificación económica que figura no anexo I desta orde, e coa clasificación orgánica que se corresponde cun único centro xestor na Administración xeral e con centros de xestión diferenciados para cada un dos organismos autónomos administrativos.

Dous.-O orzamento de gastos da Administración xeral e dos distintos organismos autónomos administrativos estruturarase tendo en conta as finalidades e obxectivos que o orzamento pretende conseguir e adecuarase á clasificación económica, orgánica e funcional por programas que figuran nos anexos II, III e IV desta orde.

Ademais das estruturas xerais que figuran nos anexos antes referidos, a totalidade dos créditos do orzamento de gastos deberán configurarse por códigos de proxecto ou actuación baixo o cal se identifican as unidades básicas de gastos. As devanditas unidades de gastos recollerán, se for o caso, a clasificación territorial de acordo coas instrucións que estableza a Dirección Xeral de Orzamentos.

Así mesmo, os proxectos de gasto financiados con fondos estruturais deberán ter en conta as vinculacións cos obxectivos estratéxicos de Galicia 2007-2013, eixes de intervención, categorías de gasto e indicadores de seguimento (realización e resultados).

Os centros xestores recollidos na clasificación orgánica deberán revisar ou definir, se é o caso, os obxectivos estratéxicos e operativos que perseguen cos seus programas orzamentarios. Para tal efecto, sempre que sexa posible, utilizarán os recollidos nos plans sectoriais e de carácter transversal que teñan establecidos, os cales serán incorporados a través da

aplicación informática aos programas orzamentarios, xunto cos proxectos e actuacións, indicadores e recursos vinculados aos devanditos obxectivos. En todo caso deberán explicitarse aqueles obxectivos que sexan desenvolvidos a través doutros entes, especialmente no caso de que estes reciban transferencias dun programa orzamentario.

Tres.-Os orzamentos de ingresos e gastos dos organismos autónomos comerciais, industriais, financeiros e análogos e demais entes recollidos no artigo 2º que estean suxeitos a orzamento limitativo de gasto, estruturaránse de acordo coa clasificación económica e funcional establecida con carácter xeral e a orgánica que en cada caso lles corresponda, e ademais, cos estados financeiros que están obrigados a presentar, de acordo coas súas normas específicas de carácter contable e, en especial, as recollidas no capítulo IV do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia que lles son de aplicación.

Estes entes deberán revisar os obxectivos estratéxicos e operativos recollidos nos plans sectoriais e transversais que lles afecten ou, no seu defecto, deberán definilos para o próximo exercicio, e incorporalos aos programas orzamentarios, xunto cos proxectos e actuacións, recursos e indicadores vinculados aos devanditos obxectivos.

Catro.-Os orzamentos de explotación e capital, e demais estados financeiros das sociedades públicas e demais entes recollidos no artigo 2º non suxeitos a orzamento limitativo estrutúranse de acordo coas súas normas específicas e, en particular, as recollidas no capítulo V do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia que lles son de aplicación.

Na formulación do Programa de actuacións, investimentos e financiamento (PAIF) que estes entes deben presentar, deberán ter en conta os obxectivos considerados nos plans sectoriais e transversais que lles poidan afectar e, en particular, os obxectivos que recolla o programa orzamentario da administración que conteña, se é o caso, as transferencias correntes e de capital para financiar as actividades e proxectos do ente.

Cinco.-As transferencias internas, achegas e en xeral as operacións entre diversos entes que se definen no artigo dous desta orde deberán orzarse de modo individualizado para os efectos de favorecer a consolidación orzamentaria.

Seis.-Os orzamentos xerais da comunidade autónoma elaboraranse tendo como unidade de conta o euro.

Artigo 4º.-Texto articulado.

Un.-Corresponderá á Dirección Xeral de Orzamentos coordinar a redacción do articulado do anteproxecto de lei de orzamentos e a presentación do seu texto definitivo.

Dous.-As consellerías, e a través delas os organismos e demais entes recollidos no artigo 2º desta orde, poderán formular ata o 30 de xuño as propostas normativas con encaixe na lei de orzamentos que consideren necesarias, acompañadas de memoria xustificativa da súa oportunidade, da táboa de vixencias e de disposicións afectadas e, se é o caso, de informe económico sobre a súa repercusión nos ingresos e gastos, segundo o modelo previsto no anexo VII desta orde.

Artigo 5º.-*Proceso de elaboración.*

Un.-A Dirección Xeral de Orzamentos da Consellería de Economía e Facenda levará a cabo as tarefas de determinación, análise e agregación dos datos necesarios para a elaboración do anteproxecto de ingresos, considerando a información relativa ás previsións correspondentes a impostos directos, indirectos e taxas e prezos, facilitadas pola Dirección Xeral de Tributos, e as correspondentes ao capítulo IX, da sección 22 que achegará a Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro.

A estimación dos beneficios fiscais que afecten as figuras impositivas sobre as cales a comunidade autónoma posúe competencias normativas, será facilitada pola Dirección Xeral de Tributos.

A inclusión de ingresos de carácter finalista procedentes da Administración do Estado ou doutras administracións públicas, e correlativamente a dotación de créditos no orzamento de gastos, unicamente será posible despois da xustificación do dereito á súa percepción por parte das consellerías afectadas.

A Dirección Xeral de Planificación Económica e Fondos Comunitarios facilitaralle á Dirección Xeral de Orzamentos a relación de proxectos financiados con cargo ao FCI, acordados con cada unha das consellerías para o seu financiamento con cargo ao crédito incluído na sección 33 do anteproxecto de orzamentos xerais do Estado para o ano 2009, correspondentes a esta comunidade autónoma, así como a programación para 2009, dos fondos europeos Feder e FSE, coa correspondente desagregación por eixe e medida ou categoría de gasto, fondo comunitario, obxectivos (finais e intermedios) da estratexia de Galicia 2007-2013 para as intervencións estruturais e órgano executor. Igualmente, co mesmo grao de desagregación, as consellarías xestoras dos programas Feader e FEP subministraranlle á Consellería de Economía e Facenda a programación correspondente ao ano 2009.

As consellerías que tivesen adscrito algún dos organismos autónomos ou entes con orzamento limitativo recollidos no artigo 2º, remitiranlles as previsións de ingresos correspondentes a cada un deles.

Dous.-As distintas consellerías e órganos xestores remitirán polo sistema informático establecido para o efecto as propostas de gasto por programas para 2009, incluíndo os referentes aos organismos, entes e sociedades a eles adscritos, así como a informa-

ción necesaria para a confección da memoria explicativa a que se refire o artigo 6º.2 e o anexo VI desta orde. Esta remisión realizarase antes do 30 de xuño de 2008 e quedará á disposición da Dirección Xeral de Orzamentos.

A Dirección Xeral de Orzamentos examinará en coordinación coas consellerías, secretarías xerais e, se é o caso, cos órganos responsables da planificación e elaboración de orzamentos de cada consellería, a documentación orzamentaria recibida, para os efectos de axustar os créditos ás previsións de financiamento realizadas e ao establecido nesta orde e na restante normativa aplicable.

Tres.-Tras as reunións que proceda, a Consellería de Economía e Facenda determinará, conforme os criterios e obxectivos fixados nos escenarios orzamentarios e demais directrices aprobadas polo Consello da Xunta, os importes dos orzamentos correspondentes a cada órgano xestor, e determinará as regras de validación que se deben incluír no programa informático de elaboración dos orzamentos.

Catro.-As propostas de anteproxectos dos estados de gastos dos órganos estatutarios da comunidade autónoma, das consellerías e dos organismos autónomos a elas adscritos, elaboraranse conforme os criterios establecidos e remitiranse, no soporte informático establecido, á Dirección Xeral de Orzamentos conforme o establecido na Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

O anexo de persoal obterase directamente no programa de xestión de persoal en caso das seccións orzamentarias e organismos autónomos incluídos no sistema.

Así mesmo, para os casos en que as dotacións do capítulo I se financien con fondos europeos ou outros fondos finalistas, os distintos órganos xestores deberán remitir a través do programa informático de elaboración de orzamentos a información referida a estes por código de proxecto e fonte de financiamento.

Cinco.-As sociedades públicas a que se refire o artigo 12 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e as demais entidades sinaladas no artigo 2º desta orde, remitiranlle en soporte informático á Dirección Xeral de Orzamentos, a través da consellería de que dependan, a documentación que oportunamente se determinará a través de resolución da Dirección Xeral de Orzamentos.

A Dirección Xeral de Orzamentos poderá, para os efectos da presentación de datos agregados, homoxeneizar as estruturas orzamentarias das sociedades e entes clasificados como administración pública da comunidade autónoma conforme as normas do sistema europeo de contas (SEC-95).

Esta homoxeneización realizarase sobre a base da estrutura de ingresos e gastos establecida no artigo 3º desta orde.

Artigo 6º.-*Memorias e informe económico-financeiro.*

Un.-A redacción da memoria xeral será levada a cabo pola Dirección Xeral de Orzamentos da Consellería de Economía e Facenda.

Dous.-As memorias correspondentes a cada unha das consellerías serán elaboradas por estas conforme o contido e as instrucións que figuran no anexo VI desta orde, e remitiranse á Dirección Xeral de Orzamentos antes do 30 de xuño de 2008.

Tres.-A memoria de obxectivos e programas será elaborada pola Dirección Xeral de Planificación Económica e Fondos Comunitarios, conforme a información a que se refire o punto anterior

Catro.-A Dirección Xeral de Planificación Económica e Fondos Comunitarios terá ao seu cargo a elaboración do informe económico-financeiro que acompaña o proxecto de Lei de orzamentos xerais baseándose, de ser o caso, nos informes e previsións de conxuntura económica elaborados polo Instituto Galego de Estatística e a Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro.

Cinco.-A Dirección Xeral de Planificación Económica e Fondos Comunitarios elaborará a memoria de orzamentos das deputacións provinciais, de acordo coa disposición adicional terceira do Estatuto de autonomía de Galicia.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Tendo en conta as análises e as propostas de ingresos e gastos resultantes de todo o actuado, e no marco derivado dos escenarios orzamentarios plurianuais da comunidade autónoma, a Consellería de Economía e Facenda formulará o anteproxecto de Lei de orzamentos xerais e someterao á aprobación do Consello da Xunta.

Segunda.-Autorízase a Dirección Xeral de Orzamentos para desenvolver as normas contidas nesta orde, especialmente as relativas á definición, normalización e contido da clasificación económica e por programas, así como para adecuar, se é o caso, a documentación que se indica no seu artigo 3º, creando ou substituíndo os que se consideren precisos en función das necesidades resultantes do proceso de elaboración.

Terceira.-Esta orde entrará en vigor o día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2008.

José Ramón Fernández Antonio
Conselleiro de Economía e Facenda

ANEXO I

Clasificación económica dos ingresos públicos

Código da clasificación económica dos ingresos públicos comprendidos nos orzamentos da comunidade autónoma e os seus organismos autónomos.

Os recursos que prevé liquidar, segundo a súa natureza económica, clasificaranse por capítulos, artigos, conceptos e subconceptos, tal como se detalla no seguinte sistema de codificación.

Esta estrutura de clasificación inicial por artigos, conceptos e subconceptos considérase aberta, polo que poderán propoñerse os novos elementos que se consideren necesarios en calidade de atípicos, cando non figuren incluídos na codificación inicial.

A clasificación económica, co detalle antes definido, terá carácter informativo para os efectos de lograr unha axeitada identificación dos dereitos económicos da Facenda Pública no momento do seu rexistro contable. Para os efectos da súa inclusión nos orzamentos, a desagregación das previsións nos distintos niveis da clasificación por categorías económicas será elaborada polos distintos centros xestores dos ingresos en función da información dispoñible por eles.

CAPÍTULO I.-IMPOSTOS DIRECTOS

1	Impostos directos.
10	Sobre a renda.
100	Tarifa autonómica sobre a renda das persoas físicas.
11	Sobre o capital.
110	Imposto sobre sucesións e doazóns.
111	Imposto sobre o patrimonio.

CAPÍTULO II.-IMPOSTOS INDIRECTOS

2	Impostos indirectos.
20	Sobre transmisións patrimoniais onerosas e actos xurídicos documentados.
200	Sobre transmisións <i>inter vivos</i> .
201	Sobre actos xurídicos documentados.
21	Sobre o valor engadido.
210	Imposto sobre o valor engadido.
22	Sobre consumos específicos.
220	Impostos especiais.
	220.0 Sobre o alcohol e bebidas derivadas.
	220.1 Sobre a cervexa.
	220.3 Sobre elaborados de tabaco.
	220.4 Sobre hidrocarburos.
	220.5 Sobre determinados medios de transporte.
	220.6 Sobre produtos intermedios.
	220.7 Sobre a electricidade.
221	Imposto retalista sobre hidrocarburos.
	221.0 Imposto retalista hidrocarburos (estatal).
	221.1 Imposto retalista hidrocarburos (autonómico).
29	Tributos propios da comunidade autónoma.
290	Imposto sobre o bingo.
291	Imposto sobre a contaminación atmosférica.

CAPÍTULO III.-TAXAS, PREZOS E OUTROS INGRESOS

3	Taxas, prezos e outros ingresos.
30	Taxas administrativas.
301	Taxas por servizos administrativos.
	01 Inscripción de convocatorias para selección de persoal. Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.
	02 Inscripción de convocatorias para selección de persoal. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
	03 Inscripción de convocatorias para selección de persoal. Resto de consellerías.
	04 Outras taxas por servizos administrativos.
302	Taxas por servizos profesionais.
	01 Modalidade administrativo-facultativa.
	02 Modalidade actuacións profesionais.
303	Taxas por venda de bens.
304	Outras taxas.

31	Prezos.
311	Prezos públicos.
	01 DOG.
	02 Outros prezos públicos.
312	Prezos privados.
	01 Programa TIVE.
	02 Carné xove.
	03 Outros prezos privados.
32	Outras taxas.
320	Taxas sobre o xogo.
36	Prestacións de servizos sanitarios.
363	Debedores varios e particulares.
364	Debedores de accidentes de tráfico.
365	Debedores mutuas patronais de accidentes de traballo.
366	Convenio Muface.
367	Convenio Isfas.
368	Convenio Mugeju.
369	Convenio institucións penais.
37	Ingresos por ensaios clínicos.
371	Convenio por ensaios clínicos.
38	Reintegros por operacións correntes.
380	De exercicios pechados.
381	De orzamento corrente.
39	Outros ingresos.
390	Canon de saneamento.
391	Recargas e multas.
	00 Recarga de constrinximento.
	01 Xuros de demora.
	99 Outras recargas.
392	Sancións impostas polas consellerías.
393	Diferenzas de cambio.
399	Ingresos diversos.
	00 Compensación de funcionarios públicos de entes e corporacións de dereito público.
	01 Recursos eventuais.
	03 Xestión de declaracións de porte.
	04 Xestión recadadora executiva a outros entes.
	99 Outros ingresos diversos.

CAPÍTULO IV.-TRANSFERENCIAS CORRENTES

Recursos condicionados ou non, recibidos pola Administración da comunidade autónoma e os seus organismos autónomos, sen contrapartida directa por parte dos axentes que os conceden e que se destinan a financiar operacións correntes.

4	Transferencias correntes.
40	Da Administración xeral do Estado e organismos públicos do Estado.
400	Participación no sistema de financiamento.
	00 Fondo de suficiencia.
	01 Liquidación exercicios anteriores.
-Abriranse outros subconceptos en función dos recursos de procedencia.	
401	Da Seguridade Social.
	00 Do ISM (servizos sociais).
	01 Do ISM (Servizo Galego de Saúde).
402	De organismos autónomos do Estado.
403	De empresas públicas e outros entes públicos do Estado.
404	Subvencións finalistas da Administración xeral.
-Abriranse os conceptos que procedan segundo a consellería ou organismo a que se destinan.	
405	Participación das corporacións locais nos tributos do Estado.
	00 Concellos. Participación ano corrente.
	01 Concellos. Liquidación de exercicios anteriores.
	02 Deputacións. Participación ano corrente.
	03 Deputacións. Liquidación de exercicios anteriores.
409	Custo novas transferencias da Administración do Estado.

-A nivel de subconcepto indicárase o ano da transferencia.

41	Da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.
43	De organismos autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia.
430	De organismos autónomos administrativos.
431	De organismos autónomos comerciais, industriais ou financeiros.
44	De sociedades públicas e outros entes públicos da comunidade autónoma.
440	De entes de dereito público.
441	De sociedades mercantís.
442	De consorcios participados maioritariamente pola comunidade autónoma.
443	De fundacións públicas.
444	De universidades públicas da comunidade autónoma.
445	De outros entes públicos da comunidade autónoma.
45	De comunidades autónomas.
450	De comunidades autónomas.
46	De corporacións locais.
460	De concellos.
461	De deputacións.
469	Doutros entes locais.
47	De empresas privadas.
48	De familias e institucións sen fins de lucro.
480	De familias.
481	De institucións sen fin de lucro.
49	Do exterior.

-Abriranse distintos conceptos de acordo coa orixe específica dos fondos.

-A nivel de subconcepto, na Administración xeral figurará a consellería receptora dos fondos.

-Nos organismos autónomos, indicárase a nivel de subconcepto a natureza dos fondos.

CAPÍTULO V.-INGRESOS PATRIMONIAIS

Recolle os ingresos procedentes de rendas de propiedade ou do patrimonio da comunidade autónoma e dos seus organismos autónomos e das súas actividades realizadas en réxime de dereito privado.

5	Ingresos patrimoniais.
50	Xuros de títulos e valores.
51	Xuros de anticipos e préstamos concedidos.
52	Xuros de depósitos.
520	Xuros de contas bancarias.
	00 De contas correntes.
	99 Outros xuros bancarios.
53	Dividendos e participacións en beneficios.
533	De organismos autónomos comerciais, industriais ou financeiros.
534	De empresas públicas e outros entes públicos.
537	De empresas privadas.
54	Rendas de bens inmóbles.
540	Alugamento e produtos de inmóbles.
541	Alugamento de predios rústicos.
544	Outras rendas.
55	Produtos de concesións e aproveitamentos especiais.
550	De concesións administrativas.
551	Aproveitamentos agrícolas e forestais.
559	Outras concesións e aproveitamentos.
57	Resultado de operacións comerciais.
58	Variación do fondo de manobra.
59	Outros ingresos patrimoniais.
591	Beneficios por realización de investimentos financeiros.
592	Comisións sobre avais.
599	Outros.

CAPÍTULO VI.-ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS

Comprende os ingresos derivados da venda de bens de capital de propiedade da comunidade autónoma e dos seus organismos autónomos.

6	Alleamento de investimentos reais.
60	De terreos.
600	Venda de soares.
	00 De solo industrial.
	01 De solo residencial.

- 601 Venda de predios rústicos.
- 61 Dos demais investimentos reais.
- 619 Venda doutros investimentos reais.
- 00 Alleamento de locais comerciais.
- 02 Amortización anticipada de vivendas.
- 03 Alleamento de vivendas.
- 05 Recadación de vivendas.
- 68 Reintegro por operacións de capital.
- 680 De exercicios pechados.
- 681 Do exercicio corrente.

CAPÍTULO VII.-TRANSFERENCIAS DE CAPITAL

Recursos condicionados ou non recibidos pola comunidade autónoma e os seus organismos autónomos, sen contrapartida directa por parte dos axentes que os conceden e que se destinan a financiar operacións de capital.

- 7 Transferencias de capital.
- 70 Da Administración xeral e organismos públicos do Estado
 - 700 Do Fondo de Compensación Interterritorial.
 - 01 Fondo de Compensación.
 - 02 Fondo complementario.
 - 701 Da Seguridade Social.
 - 702 De organismos autónomos do Estado.
 - 703 De empresas públicas e outros entes públicos do Estado.
 - 704 Subvencións finalistas da Administración xeral.
- Abriranse os subconceitos que procedan segundo a consellería ou organismo a que afecte.
- 709 Outras transferencias.
- 71 Da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.
- 73 De organismos autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia.
 - 730 De organismos autónomos administrativos.
 - 731 De organismos autónomos comerciais, industriais ou financeiros.
- 74 De sociedades públicas e outros entes públicos da comunidade autónoma.
 - 740 De entes de dereito público.
 - 741 De sociedades mercantís da comunidade autónoma.
 - 742 De consorcios participados maioritariamente pola comunidade autónoma.
 - 743 De fundacións públicas.
 - 744 De universidades públicas da comunidade autónoma.
 - 745 De outros entes públicos da comunidade autónoma.
- 75 De comunidades autónomas.
 - 750 Transferencias de capital de comunidades autónomas.
- 76 De corporacións locais.
 - 760 De concellos.
 - 761 De deputacións.
 - 769 Doutras entes locais.
- 77 De empresas privadas.
- 78 De familias e institucións sen fin de lucro.
 - 780 De familias.
 - 781 De institucións sen fin de lucro.
- 79 Do exterior.

-Abriranse distintos conceptos segundo a orixe específica dos fondos.

-A nivel de subconceito detallarase a consellería receptora dos ingresos.

-No caso de organismos autónomos, indicárase a nivel de subconceito a natureza dos fondos.

CAPÍTULO VIII.-ACTIVOS FINANCEIROS

Recolle os ingresos procedentes da venda de activos financeiros, así como os ingresos procedentes de reintegros de préstamos concedidos e os reintegros de depósitos e fianzas constituídas.

- 8 Activos financeiros.
- 80 Alleamento de débeda do sector público.
 - 800 A curto prazo.
 - 801 A longo prazo.

- 81 Alleamento de obrigracións e bonos fóra do sector público.
 - 810 A curto prazo.
 - 811 A longo prazo.
- 82 Reintegros de préstamos concedidos ao sector público.
 - 820 A curto prazo.
 - 821 A longo prazo.
- 83 Reintegro de préstamos concedidos fóra do sector público.
 - 830 A curto prazo.
 - 831 A longo prazo.
- 84 Devolución de depósitos e fianzas.
 - 840 Devolución de depósitos.
 - 841 Devolución de fianzas.
- 85 Alleamento de accións do sector público.
 - 850 Alleamento de accións do sector público.
- 86 Alleamento de accións fóra do sector público.
 - 860 Alleamento de accións fóra do sector público.
- 87 Remanente de tesouraría.
 - 870 Remanente de tesouraría.

CAPÍTULO IX.-PASIVOS FINANCEIROS

Imputaranse a este concepto os ingresos obtidos pola comunidade autónoma e os seus organismos autónomos procedentes da emisión de débeda e a obtención de préstamos tanto no interior como no exterior, en moeda nacional ou estranxeira, a curto, medio e longo prazo, os depósitos e fianzas recibidas.

- 9 Pasivos financeiros.
 - 94 Depósitos e fianzas recibidos.
 - 940 Depósitos recibidos.
 - 941 Fianzas recibidas.
 - 95 Préstamos recibidos e emisión de débeda.
 - 950 Préstamos recibidos e emisión de débeda.
 - 96 Conversión, negociación, transformación ou substitución de operacións de endebedamento.
 - 960 Conversión, negociación, transformación ou substitución de operacións de endebedamento.

ANEXO II

Clasificación económica do gasto

Código da clasificación económica dos gastos públicos comprendidos nos orzamentos da comunidade autónoma e nos seus organismos autónomos.

A desagregación da clasificación económica, en conceptos e subconceitos, ten carácter informativo para aqueles casos en que a vinculación se estableza a nivel máis agregado.

Os centros xestores presentarán o detalle dos créditos en función da información dispoñible, debendo descender a nivel de subconceito naqueles conceptos que así se detallan nesta orde.

Naqueles supostos en que se prevea o desenvolvemento por sectores dun concepto, estes identificaranse polos seguintes díxitos:

- 0 Administración xeral e organismos públicos do Estado.
 - 00 Administración do Estado.
 - 01 Seguridade Social.
 - 02 Organismos autónomos do Estado.
 - 03 Empresas públicas e outros entes públicos do Estado.

1	Administración xeral da comunidade autónoma.
11	Administración xeral da comunidade autónoma.
3	Organismos autónomos da comunidade autónoma.
30	Organismos autónomos administrativos.
31	Organismos autónomos comerciais, industriais ou financeiros.
4	Empresas públicas e outros entes públicos da comunidade autónoma.
40	Entes de dereito público.
41	Sociedades mercantís.
42	Consortorios participados maioritariamente pola comunidade autónoma.
43	Fundacións públicas.
44	Universidades públicas galegas.
45	Outros entes públicos da comunidade autónoma.
5	Comunidades autónomas.
50	Comunidades autónomas.
6	Corporacións locais.
60	Corporacións locais.
7	Empresas privadas.
70	Empresas privadas.
8	Familias e institucións sen fin de lucro.
80	Familias.
81	Institucións sen fin de lucro.
9	Exterior.
90	Exterior.

CAPÍTULO I.-GASTOS DE PERSOAL

1	Gastos de persoal.
10	Altos cargos e delegados.
100	Retribucións básicas e outras remuneracións de altos cargos e delegados.
	00 Retribucións básicas.
	01 Outras remuneracións.
11	Persoal eventual de gabinete.
110	Persoal eventual de gabinete.
	00 Retribucións básicas e outras remuneracións.
12	Funcionarios.
120	Retribucións básicas.
	00 Soldos subgrupo A ₁ .
	01 Soldos subgrupo A ₂ .
	02 Soldos subgrupo C ₁ .
	03 Soldos subgrupo C ₂ .
	04 Soldos grupo E e agrupacións profesionais.
	05 Trienios.
	06 Outras retribucións básicas.
	07 Prestacións por maternidade.
	09 Vacacións persoal interino docente.
	10 Soldos subgrupo A ₁ persoal de cota.
	11 Soldos subgrupo A ₂ persoal de cota.
	12 Substitucións médicos APD.
	13 Substitucións practicantes APD.
	14 Substitucións matróns APD.
	20 Substitucións de persoal non docente.
	21 Substitucións de persoal docente.
	22 Regulación da parte proporcional das vacacións de substitutos docentes.
121	Retribucións complementarias.
	00 Complemento de destino.
	01 Complemento específico.
	02 Outros complementos.
	03 Complementos de atención continuada persoal facultativo.
	04 Complementos de atención continuada persoal no facultativo.
	05 Complementos de atención continuada outro persoal.
	06 Complemento de penosidade, responsabilidade e dificultade.
	07 Sexenios.
	08 IPC galego.
	09 Revisión retribucións complementarias.
	41 Complementos transitorios absorbibles.
	42 Retribucións complementarias de cota.
	44 Complemento persoal.

122	Outras retribucións.
	09 Outras retribucións en especie.
124	Funcionarios en prácticas.
	00 Soldos subgrupo A ₁ .
	01 Soldos subgrupo A ₂ .
	02 Soldos subgrupo C ₁ .
	03 Soldos subgrupo C ₂ .
	04 Soldos grupo E e agrupacións profesionais.
	05 Trienios.
	06 Outras retribucións básicas.
13	Laborais.
130	Laboral fixo.
	00 Retribucións básicas.
	01 Outras remuneracións.
	02 Complementos de perigosidade, penosidade e toxicidade.
	05 Trienios.
	08 IPC galego.
	09 Vacacións non disfrutadas.
	90 Traballo a quendas e noites.
131	Laboral eventual.
	00 Retribucións básicas.
	08 IPC galego.
132	Laboral eventual. Profesores de relixión.
	00 Retribucións básicas.
	05 Trienios.
	08 IPC galego.
133	Temporal indefinido.
	00 Retribucións básicas.
	05 Trienios.
	08 IPC galego.
14	Outro persoal.
140	Outro persoal.
	00 Outro persoal.
15	Incentivos ao rendemento.
150	Produtividade de persoal non estatutario.
151	Gratificacións.
152	Produtividade persoal estatutario. Factor fixo.
	00 Produtividade persoal estatutario. Factor fixo.
153	Produtividade persoal estatutario. Factor variable.
	01 Produtividade factor variable. Persoal directivo.
	02 Produtividade factor variable. Persoal non directivo.
	03 Produtividade factor variable. Programa de extracción e transplantes.
	04 Produtividade factor variable. Programas especiais.
	05 Produtividade factor variable. Actividades non programadas.
16	Cotas, prestacións e gastos sociais por conta do empregador.
160	Cotas sociais.
	00 Seguridade Social.
	01 Muface.
	02 Isfas.
	03 Mupal.
	09 Outras.
161	Complemento familiar.
162	Gastos sociais do persoal.
	00 Formación e perfeccionamento do persoal.
	01 Economatos e comedores.
	02 Transportes do persoal.
	03 Bonificacións.
	04 Acción social.
	05 Seguros.
	09 Outros.

CAPÍTULO II.-GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS

2	Gastos en bens correntes e servizos.
20	Alugamentos e canons.
200	Terreos e bens naturais.
202	Edificios e outras construcións.
203	Maquinaria, instalacións e utensilios.
204	Material de transporte.

205	Mobiliario e aparellos.		16 Consello Galego de Estatística.
206	Equipamentos para procesos de información.		17 Cursos de formación.
208	Outro immobilizado material.		99 Outros.
209	Canons.	227	Traballos realizados por outras empresas.
21	Reparacións, mantemento e conservación.		00 Limpeza e aseo.
210	Infraestrutura e bens naturais.		01 Seguranza.
212	Edificios e outras construcións.		02 Valoracións e peritaxes.
213	Maquinaria, instalacións e utensilios.		03 Postais.
214	Material de transporte.		04 Custodia, depósito e almacenaxe.
215	Mobiliario e aparellos.		05 Procesos electorais.
216	Equipamentos para procesos de información.		06 Estudos e traballos técnicos.
219	Outro immobilizado material.		07 Remuneración a axentes mediadores independentes.
22	Material, subministracións e outros.		08 Premios de cobranza.
220	Material de oficina.		09 Servizo de prevención riscos laborais.
	00 Ordinario non inventariable.		10 Servizos contratados de comedor.
	01 Prensa, revistas, libros e outras publicacións.		99 Outros.
	02 Material informático non inventariable.	228	Gastos de funcionamento de centros e servizos sociais.
	03 DOG.	229	Gastos de funcionamento dos centros docentes non universitarios.
	04 BOPG e DOPG.	23	Indemnizacións por razóns do servizo.
221	Subministracións.	230	Axudas de custo.
	00 Enerxía eléctrica.	231	Locomoción.
	01 Auga.	232	Traslados.
	02 Gas.	233	Outras indemnizacións.
	03 Combustibles.	25	Asistencia sanitaria con medios alleos.
	04 Vestiario.	251	Concertos con institucións de atención primaria.
	05 Produtos alimenticios.		02 Concertos con entes territoriais.
	06 Produtos farmacéuticos e material sanitario.	252	Concertos con institucións de atención especializada.
	07 Comedores escolares.		01 Concertos con institucións da comunidade autónoma.
	08 Subministracións de recambios de maquinaria, utensilios e elementos de transporte.		02 Concertos con entes territoriais.
	09 Subministracións de material electrónico, eléctrico e de comunicacións.		03 Concertos con entidades privadas.
	10 Irmandade de doadores de sangue.	253	Concertos por programas especiais de hemodiálise.
	11 Extracción de sangue.		01 Hemodiálise en centros hospitalarios.
	12 Hemoderivados.		02 Club de diálise.
	13 Instrumental e pequenos utensilios sanitarios.		03 Outras hemodíalises en centros non hospitalarios.
	14 Instrumental e pequenos utensilios non sanitarios.	254	Concertos con centros de diagnóstico e tratamento.
	15 Implantes.		01 Concertos para litotricías extracorpóreas.
	16 Outro material sanitario.		02 Terapia da insuficiencia respiratoria a domicilio.
	17 Material non sanitario para consumo e reposición.		03 Concertos para resonancia magnética e medicina nuclear.
	18 Produtos farmacéuticos de dispensación ambulatoria.		04 Concertos para TAC.
	19 Material de laboratorio.		05 Concertos para rehabilitación-fisioterapia.
	20 Material de radioloxía.		06 Concertos para alerxias.
	21 Material de medicina nuclear.		07 Outros servizos especiais.
	22 Subministración de material deportivo, didáctico e cultural.	255	Concertos polo programa especial de transporte.
	99 Outras subministracións.		01 Servizos concertados de ambulancias.
222	Comunicacións.		02 Traslados de enfermos con outros medios de transporte.
	00 Telefónicas.	258	Outros servizos de asistencia sanitaria.
	01 Postais.		01 Reintegros de asistencia sanitaria.
	02 Telegráficas.		02 Outros servizos de asistencia sanitaria.
	03 Télex e fax.		03 Convenios con universidades. Prazas vinculadas.
	04 Informáticas.	26	Servizos sociais concertados.
	99 Outras.	260	Área de menores.
223	Transportes.	261	Área de discapacitados e dependentes.
	08 Transporte escolar.	262	Área de maiores.
224	Primas de seguros.	263	Outros.
225	Tributos.	27	Publicacións.
226	Gastos diversos.	270	Edicións e distribucións.
	01 Atencións protocolarias e representativas.		
	02 Publicidade e propaganda.		
	03 Xurídicos, contenciosos.		
	06 Reunións, conferencias e cursos.		
	07 Actuacións derivadas da Lei de galegidade.		
	08 Cobertura informativa.		
	10 Actividades deportivas.		
	11 Consello Escolar de Galicia.		
	12 Funcionamento, apoio, coordinación do sistema universitario de Galicia.		
	13 Gastos de funcionamento de tribunais de oposición e de probas selectivas.		
	14 Dotación de equipamentos de lingua galega.		
	15 Programa de lingua.		
			CAPÍTULO III.-GASTOS FINANCEIROS
		3	Gastos financeiros.
		30	Débeda pública e préstamos.
		300	Xuros de débeda pública e préstamos.
		302	Diferenzas de cambio.
		31	Gastos de emisión, formalización, modificación e cancelación de débeda pública e préstamos.
		310	Gastos de emisión, modificación e cancelación.
		34	De depósitos e fianzas.
		340	Xuros de depósitos.
		341	Xuros de fianzas.
		35	Xuros de demora e outros gastos financeiros.
		352	Xuros de demora.

- 353 Diferenzas de cambio por pagamentos en divisas.
359 Outros gastos financeiros.

CAPÍTULO IV.-TRANSFERENCIAS CORRENTES

- 4 Transferencias correntes.
40 Á Administración xeral e organismos públicos do Estado.
400 Á Administración do Estado.
401 Á Seguridade Social.
402 A organismos autónomos do Estado.
403 A empresas públicas e outros entes públicos do Estado
41 Á Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.
43 A organismos autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia.
430 A organismos autónomos administrativos.
431 A organismos autónomos comerciais, industriais ou financeiros.
44 A sociedades públicas e outros entes públicos da comunidade autónoma.
440 A entes de dereito público.
441 A sociedades mercantís.
442 A consorcios participados maioritariamente pola comunidade autónoma.
443 A fundacións públicas.
444 A universidades públicas da comunidade autónoma.
445 A outros entes públicos da comunidade autónoma.
45 A comunidades autónomas.
46 A corporacións locais.
47 A empresas privadas.
48 A familias e institucións sen fin de lucro.
480 A familias.
481 A institucións sen fin de lucro.
482 A concertos educativos.
489 A farmacias (receitas médicas).
49 Ao exterior.

CAPÍTULO V.-FONDO DE CONTINXENCIA

- 5 Fondo de continxencia.
50 Fondo de continxencia.
500 Fondo de continxencia.

CAPÍTULO VI.-INVESTIMENTOS REAIS

- 6 Investimentos reais.
60 Investimento novo en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral.
600 Infraestruturas de mellora da accesibilidade (estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos e transportes).
601 Infraestruturas de saneamento, protección e mellora do medio natural (obras hidráulicas e medio natural).
602 Infraestruturas para subministración de enerxía (minaría, electricidade, gas).
603 Infraestruturas para o desenvolvemento das tecnoloxías da información e as telecomunicacións.
604 Infraestruturas básicas de apoio ao desenvolvemento do sector primario (infraestruturas agrícolas, pesqueiras e forestais).
605 Infraestruturas e equipamentos de apoio ao desenvolvemento empresarial (solo industrial, I+D, novas tecnoloxías).
